



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 2 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de outubro (convocatoria modificada o 2 de novembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a, 3b, 8a, 8b e 9b)
D. Guillermo Domínguez López (asiste aos puntos 2d e 4a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 2c e 7b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 26 de outubro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 26 de outubro de 2016 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura da documentación persoal

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na súa sesión do 26 de outubro de 2016 se outorgou un prazo de 3 días hábiles á empresa REFORVIGO, SL para que emendara a documentación persoal xa que a solvencia técnica e profesional que declarou resulta insuficiente ("indica na súa declaración *"tendo realizado no ano 2013 (ano de máxima execución do período) obras ou traballos análogos por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato"*, se ben a relación de contratos que achega correspóndese coas anualidades 2014 e 2015. Calculado o importe total dos contratos executados en cada unha destas dúas anualidades compróbase que é insuficiente á vista do esixido na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación).

A empresa presenta dous escritos na data 27 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido, nun deles informan sobre a cifra de negocios nos exercicios 2013, 2014 e 2015 e no outro achega nova declaración responsable (Anexo II) na que figura unha relación de contratos.

Cualificada a anterior documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, admitir a REFORVIGO, SL por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na súa sesión do 26 de outubro de 2016 se acordou non admitir a OGMIOS PROYECTO, SL (por non ter comunicado por fax, télex ou telegrama a presentación da súa proposición nas oficinas de Correos) e outorgar un prazo de tres días hábiles á UTE CONSTRUCCIONES OREGA, SL E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL para a emenda da documentación persoal (declaración responsable de CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL):

1. No punto 6, referente a estar ao corrente no pagamento de salarios e Seguridade Social dos traballadores do seu cadro de persoal, consta a empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL en lugar de CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL.
2. No punto 14 referente á concorrencia a esta licitación en UTE, deberá aclarar con que empresa concorre, ao constar na declaración que concorre coa mercantil CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ, SL, constando no detalle das porcentaxes a empresa CONSTRUCCIONES OREGA, SL, empresa que asina a outra declaración responsable que se achega neste sobre.

Dentro do prazo concedido, o 28 de outubro de 2016, a empresa CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL presenta nova declaración responsable. Tras a cualificación desta pola Mesa de Contratación esta acorda, por unanimidade, admitir á UTE CONSTRUCCIONES OREGA, SL E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa

c) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

2017 (6632-335)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento á empresa CA Totality Group, SLU por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a BIGLAB, SLU para que emende a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente a solvencia técnica e profesional. A cláusula 8 do PCAP establece que a solvencia técnica ou profesional se acreditará mediante *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos”*. Segundo o apartado 2A do Anexo I -FEC-, o contrato ten por obxecto *“o servizo de deseño e produción das catro carrozas municipais que formarán parte da comitiva real do desfile da Cabalgata de Reis 2017”*. Dos contratos que declara a empresa só dous gardan relación co obxecto do contrato, polo que a solvencia técnica resulta insuficiente.

Informar a BIGLAB, SLU que se ben presenta no sobre A unha declaración na que fai constar *“Que el contenido del soporte digital aportado se corresponde con la proposición del Sobre A - Documentación personal BIGLAB, SLU”*, non consta o referido soporte dixital no interior do sobre A, se ben non resulta necesario.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. SIELVIGO, SL (lote 3)
 2. INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, SL (lote 2)
 3. ELIAS JADRAQUE, SA (lotes 3 e 4)
 4. DRAGER SAFETY HISPANIA, SA (lote 4)
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a ITURRI, SA para que emende a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, concretamente a solvencia técnica e profesional dos lotes 3 e 4, por resultar insuficiente. Segundo a cláusula 8 e o apartado 3F do Anexo I -FEC- do prego para o lote 3 requírese unha solvencia igual ou superior a 26.015,00 euros e para o lote 4, igual ou superior a 71.998,50 euros.
- c) Excluir do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, SLU por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo o artigo 145 do Real decreto legislativo 3/2011 *“as proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva algunha. As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento da licitación pública”*.

A empresa presenta para esta licitación un único sobre, indicando no seu exterior que inclúe a documentación dos sobres A e C e en cuxo interior se incorpora un soporte dixital, apartándose do disposto na citada cláusula 12 do prego:

“1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA. Eventualmente, no caso de ser esixidas mostras no apartado 8.A das FEC, se incluirá un cuarto sobre 4) SOBRE D: MOSTRAS.

2.- No entanto, nos procedementos nos que a totalidade dos criterios de adxudicación sexan avaliados mediante fórmula unicamente presentanse dous sobres; o sobre A, coa documentación esixida na cláusula 13 e o sobre C, que conterá o modelo de proposición que figura no apartado 7.B) das FEC”.

A presentación da documentación nun único sobre non garante o segredo das proposicións esixido no artigo 145 do Real decreto legislativo 3/2011 ata o momento da súa apertura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2d outorgar un prazo de tres días hábiles á empresa ITURRI, SA para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Entrégase o informe do xefe da Área Seguridade e Mobilidade do 28 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Acéptase o informe do xefe da Área Seguridade e Mobilidade do 28 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Procédese á apertura da oferta presentada por VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL o 31 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para reformulación da súa oferta, co resultado que se indica deseguido, que se remite ao servizo correspondente para informe:

“Que la oferta presentada por VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL (VEICAR), es la mejor que podemos presentar, y por tanto mantenemos el precio que se refleja en la oferta económica”.

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2c outorgar un prazo de tres días hábiles a BIGLAB, SLU para que emende a documentación persoal.

8.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunheiro (fase 1) (3970-440)

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 28 de outubro de 2016, así como o informe que rectifica o anterior de data 2 de novembro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionadas. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, SL
3. ORECO, SA
4. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA
5. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA- ALVAC
6. ELSAMEX, SA
7. COPCISA, SA
8. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
9. HORDESCON, SL
10. PROYECON GALICIA, SA
11. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL
12. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA
13. CONSTRUCCIONES VALE, SL

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 28 de outubro de 2016, así como o informe que rectifica o anterior de data 2 de novembro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU
2. DRAGADOS, SA
3. UTE ACEVI Y MONTAJES JM IGLESIAS, SL
4. ELSAMEX, SA
5. CONSTRUCCIONES VALE, SL
6. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
7. HORDESCON, SL
8. PROYECON GALICIA, SA
9. UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL - CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo *dumper* para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445)

Á vista do certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 31 de outubro de 2016, no que se fai constar que durante o prazo para a presentación de proposicións neste procedemento “*non se presentou ningunha proposta*”, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- *Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445) por non terse presentado ningunha proposición no prazo concedido.*

9.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 18 de outubro de 2016 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, CRUZ ROJA ESPAÑOLA, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na mesma data, no que se lle outorgaba un prazo para a presentación da documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP.

Esta documentación foi presentada o 28 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación esta acorda, por unanimidade, conceder a CRUZ ROJA ESPAÑOLA un prazo de tres días hábiles para que emende a citada documentación polos seguintes motivos:

1. Non consta a póliza do seguro de responsabilidade civil por danos do edificio, esixida na cláusula 21 e no apartado 14A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.
2. Deberán presentar documentación acreditativa ou, no seu caso, declaración actualizada e concreta do compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais esixidos no apartado 6D das FEC (en relación coa cláusula 21), aos que se comprometeu na súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 25 de outubro de 2016 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, CARLOS FERNÁNDEZ POL, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 21 de outubro, no que se lle outorgaba un prazo para a presentación da documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP.

Esta documentación foi presentada o 31 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido.

A continuación a Mesa de Contratación procede a examinar a documentación presentada. Para a solvencia técnica a empresa presenta un certificado de gastos e pagamentos expedido polo tesoureiro deste Concello, no que non consta o obxecto deses pagamentos. Presente nesta sesión o xefe da Área de Investimentos, anteriormente director deportivo - xefe da Unidade Técnica, constata que todos eses pagamentos se corresponden con subministrados de trofeos e medallas á Concellería de Deportes.

Tendo en conta o anterior, así como a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local a adxudicación a CARLOS FERNÁNDEZ POL do lote nº 1 (medallas) e lote nº 2 (trofeos) deste procedemento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

de eventos deportivos”.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EUROCEBRIÁN, SL por non ter presentado un novo sobre C durante o prazo concedido a todos os licitadores que concorreron a esta licitación a través da notificación de data 20 de setembro de 2016 (registro de saída número 23.758).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 MEDALLAS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	94,08
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL - PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	65,86
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL	39,20
4	OSCAR GUIMERANS RODRIGUEZ	7,71

LOTE Nº 2 TROFEOS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	97,75
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL - PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	76,81
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL	65,18
4	OSCAR GUIMERANS RODRIGUEZ	34,67

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, para que presente, no prazo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.132,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 25 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 31 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 2 de novembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, para os dous lotes, é a formulada por CARLOS FERNÁNDEZ POL, de acordo cos informes emitidos polo xefe da Área de Investimentos sobre valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 8 de setembro de 2016 e 11 de outubro de 2016,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o LOTE nº 1 (medallas) do procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa "Calendario de eventos deportivos" (14972-333), polo prezo total de 69.640,00 euros e segundo os prezos unitarios e os prazos de entrega que figuran na súa oferta.
2. Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o LOTE nº 2 (trofeos) do procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa "Calendario de eventos deportivos" (14972-333), polo prezo total de 50.360,00 euros e segundo os prezos unitarios e os prazos de entrega que figuran na súa oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada para ambos lotes".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 2 de novembro de 2016

A presidenta da Mesa de Contratación
María Jesús Lago Rey



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:04	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA94F-CA43CC-D3AD5A-QLEDTK-NVRBUA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		